

## A PREVENCIÓN de Riscos Laborais en Madeira, Moble e Cortiza...



# ...é cousa de todos.

## Medidas preventivas

Proxección de partículas

Asegúrate de que as ferramentas de corte das máquinas teñan a resistencia mecánica axeitada ao uso previsto segundo o tipo de madeira empregado e realiza a alimentación da peza en sentido contrario ao do xiro da árbore para evitar a proxección de estelas.

Corte e/ou amputación

Extrema a precaución no uso de máquinas como tupís, cepilladoras, serras etc. Non manipules os resgardos de seguridade e sigue o manual de instrucións para realizar as operacións de maneira segura.

Contacto con substancias químicas

Sigue as fichas de datos de seguridade das substancias que se vaian manipular como amoniaco, disolventes, pinturas, vernices, resinas etc.

Exposición a axentes biolóxicos

Utiliza os equipos de protección adecuados, especialmente durante a manipulación de refugallos de madeira ou troncos, para evitar o contacto con fungos e bacterias.